



Bases para a participación na Mostra TEATRONOITE

1.- A Convocatoria da **Mostra TEATRONOITE** a celebrar nas datas 7, 21 e 28 de xullo, está organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Vilalba.

2.- A participación no certame teatral está aberta a tódolos grupos de teatro aficionado que representen as obras en lingua galega.

3.- Os grupos que opten á participación, deberán cumprimentar o formulario engadido, a modo de solicitude e acompañalo da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do C.I.F.
- b) Fotocopia do documento de exención do IVE ou certificado de que os seus estatutos cumpren o disposto na Lei Orgánica 1/2002.
- c) Autorización da SGAE, para o caso de que a obra non sexa orixinal do grupo de teatro. (Hai excepcións para grupos de teatro afeccionado)

*En caso de non aportar a autorización a responsabilidade sempre correrá a cargo do grupo en cuestión.

- d) DVD da obra ou enlaces onde poder visionala.
- Notas de prensa da obra si o grupo dispón de algunha.
- e) Ficha técnica e artística, incluída duración.
- f) Sinopse da obra.
- g) Historial da compañía ou grupo.
- h) Nome, apelidos, enderezo @, teléfono, da persoa responsable do grupo.
- i) Certificado bancario da conta da compañía teatral, onde se fará o pagamento.

A información e documentación engadida, deberá remitirse antes do día **22 de xuño** do 2018 o seguinte enderezo: Indicando **Mostra TEATRONOITE**.

Concellería de Cultura
Praza da Constitución, nº 1
27800 Vilalba Lugo

Ante calquera dúbida contactade con nos: cultura@vilalba.es

4.- Selección dos espectáculos:

__ A selección das obras será realizada por unha Comisión formada por responsables da Escola Municipal de Teatro de Vilalba e os representantes da Concelleira de Cultura do Concello de Vilalba.

__ A Comisión de selección proporá unha lista de 3 espectáculos. Estes formarán o cartel da “**Mostra TEATRONOITE**”


__ A selección realizarase en base a criterios artísticos de posta en escea e calidade interpretativa.

5.- As representacións teatrais terán lugar no Templete, situado na Praza da Constitución do concello, o aire libre, en horario nocturno (23 h) ou si fose necesario por cuestións climatolóxicas, no Auditorio Carmen Estévez, con enderezo Rúa das Pedreiras s/n, **os sábados 7, 21 e 28 de xullo** do ano corrente 2018. O espazo escénico de exteriores conta cunha superficie aproximada de 65.00 m². O lugar para cambiarse os artistas será nunha sala no propio concello.



CROQUIS APROXIMADO DO TEMPLETE NA PZA. CONSTITUCIÓN

SUP. APROX. : 65.00 m²



6.- Establécense os seguintes premios segundo o número de actores e en concepto de pago pola actuación:

- __ 400 € (para agrupacións de 4 a 5 actores).
- __ 500 € (para agrupacións de 6 - 7 actores).
- __ 600 € (para agrupacións de 8 -9 actores).
- __ 700 € (para agrupacións de 10 ou máis actores).

7.- Cada grupo montará o espectáculo tendo a súa disposición equipo de luces, son e responsable técnico na montaxe que aportará a organización. O técnico estará a vosa disposición para os axustes previos a función.

8.- A montaxe da obra, así como desmontase, ó finalizar a representación, será por conta do persoal da compañía.

9.- O resultado das obras escollidas comunicárase as compañías. Os grupos seleccionados deberán confirmar a asistencia antes do **4 de xullo**, quen, no caso de producirse algunha vacante, cubrirá a actuación valeira segundo o seu criterio.

10.- A documentación presentada pasará a formar parte dos fondos da organización, quen poderá usala para publicidade desta ou posteriores Mostrás.

11.- Pola participación neste certame enténdese que os grupos participantes, seleccionados ou non, aceptan as bases desta convocatoria, sen reserva algunha.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA N.º 115 DE DATA 1 DE XUÑO DE 2018

Fdo. a Secretaría

Ana M.^a Rubiera Álvarez

Equipo técnico aportado pola organización:

Iluminación: 2 Trípodes Hércules (4 m) 6 PC (1000 W), 4 PAR (1000 W) 1 Térmico para luz e són (12.000 W) Saida CETAC 5 puntos, Mesa iluminación, cableado

Son: Dobre lector CD MP3, Mesa 6 pistas, 2 Bafles 500 W, cableado. (3) Micros de invasión, cableado, 1 parrilla (1 m) para agochar nun posible paso o cableado.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Mostra TEATRONOITE

Nome da Compañía	
Enderezo e CP	
Lugar	
Provincia	
Teléfonos e Fax	
CIF	
Web e Correo Electrónico	
Responsable da Compañía	
Enderezo e CP	
Lugar	
Provincia	
Teléfonos e Fax	
CIF	
Web e Correo Electrónico	
Obras presentadas:	
Título	
Autor	
Título	
Autor	
Título	
Autor	